

# ITOIZ, DESFEITA AMBIENTAL E REPRESIÓN

**ECOLOXISTA DE SOLIDARI@S CON ITOIZ CUMPRE CONDENA NO CÁRCERE DE IRUÑA (NAVARRO)**

Valeri Estéban i San Julian

O PASADO 25 DE XUÑO DO 2001, IÑAKI GARCÍA KOCH, MEMBRO DO COLECTIVO SOLIDARI@S CON ITOIZ, FOI IDENTIFICADO E DETIDO NUN CONTROL RUTINARIO DA GARDÍA CIVIL EN LEÓN. PESABA SOBRE EL E SETE MEMBROS MÁIS DE SOLIDARI@S CON ITOIZ UNHA ORDE DE BUSCA E CAPTURA DICTADA POLA AUDIENCIA PROVINCIAL DE PAMPLONA. ESTA É A CRÓNICA DUNHA DETENCIÓN, DE 16 ANOS DE LOITA CONTRA ESTE ENCORO E, SOBRE TODO, DO DO MOVIMENTO DE DESOBEDIENCIA CIVIL SOLIDARI@S CON ITOIZ QUE, A TRAVÉS DE ACCIÓNS PÚBLICAS E NON VIOLENTAS, BUSCAN A DEFENSA DA SÚA TERRA, A COMARCA DE IRIATI (NAVARRO). “A VERDADE É SÚBVERSIVA, POR ISTO HAI QUE ENCARCERALA E ACA-LALA”.

O ministro de medio ambiente, Jauma Matas, xunto ao presidente de Navarra, inaugurou o 15 de outubro do ano pasado a primeira pedra do Canal de Navarra, *proxecto faraónico* que tardará en construirse máis de 15 anos e que custará 623 millóns de euros (103.725 millóns de pesetas). Este macro canal vai unido ao encoro de Itoiz, que sería a auga que se suministraría a 350.000 persoas, o 70% da poboación navarra. En palabras do propio ministro, esta é a obra de enxeñería más importante do Plan Hidrolóxico estatal, despois do transvase do Ebro.

Ao mesmo tempo, a pesar da forte vixilancia do acto protocolario, 3 membros de *Solidari@s con Itoiz* espíronse a escasos 100 metros de onde se encontraban os políticos para denunciaren a situación de Iñaki García e das obras do encoro de Itoiz.

A historia do encoro remontase a 1985, cando o Ministerio de Obras Públicas e o Goberno navarro deron o visto e prace ao proxecto, no Pre-Pirineo navarro, converténdose no proxecto de encoro máis grande de Europa: 135 m de alto para reter 428 Hm<sup>3</sup>.

Este proxecto asolagaría os vales de Artze e Longida, unha zona rica en diversidade natural (reservas naturais de Txintxurrena, Gazletu e Iñarbe) e cultural, para abastecer de auga potable a Iruña e de electricidade, que pasaría da produción na actual minicentral de 20 a 34,6 Gw/h, pero reducindo considerablemente o caudal ecolóxico do río Ebro, xa que a auga de Itoiz é clave para regular dito río.

O encoro de Itoiz debe ser entendido dentro do grupo de grandes encoros do Plan Hidrolóxico, cuxo obxectivo é converterse en *despensas* de auga para o arco mediterráneo, non tanto para os

regadíos, tal se tenta facernos crer a través dos medios de comunicación, senón para abastecer á industria turística e á agricultura intensiva mediterránea insostible pero subvencionada.

## A LOITA CONTRA O ENCORO DE ITOIZ

Tamén en 1985, creouse a *Coordinadora de Itoiz*, unindo os esforzos de veciñ@s, Concellos e ecoloxistas do val, e que comenzou unha longa campaña anti-encoro que pasou polo Tribunal Constitucional español, o Tribunal da Haia, o Valedor do Pobo europeo e o Tribunal de Dereitos Humanos de Estrasburgo.

Ata 1993, non se iniciaron as obras de acondicionamento e construcción do encoro de Itoiz. En febreiro de 1995, foi constituído o colectivo *Solidari@s con Itoiz* que a través de accións directas, públicas e non violentas, a pé de obra ou nas sedes das institucións responsables das obras, practica a desobediencia civil fronte á imposición irracional deste proxecto.

Durante o verán de 1995 a Audiencia Nacional declarou nulo e ilegal o proxecto do encoro de Itoiz, pero esixindo o pagamento de 138 millóns de euros (23.000 millóns de pesetas) por parte da Coordenadora de Itoiz para a súa paralización real. Posteriormente, o Goberno de Navarra interpuxo un recurso e a Audiencia retractou a súa propia sentencia dicindo que “a paralización das obras podía acarrear un *quebranto económico* nas empresas encargadas da construcción”, demostrando unha vez máis a sumisión do sistema xudicial ante as presións políticas e económicas.

Existen repetidas sentencias dos tribunais españoles (Audiencia Nacional, Tribunal Superior de Xustiza e Tribu-

nal Supremo) declarando ilegal e insostible o devandito proxecto, pero unha e outra vez o Goberno español e o Goberno Foral navarro recorren todas as sentencias.

Nestes momentos, os dous gobernos, español e foral, tentan conseguir o remate do encoro a través dunha política de feitos consumados: unha das sentencias, a do Tribunal Supremo con data de 14 de xullo de 1997, permitiu que continuaran as obras pero obriga a respetar, evitando o seu asolagamento, as bandas de protección de 500 m das tres reservas naturais do Vale de Irati reducindo a capacidade de 418 Hm<sup>3</sup>, polo que só poden almacenar 9 Hm<sup>3</sup> (un 2% do proxecto orixinal).

A sentencia desestimou o recurso do Goberno Foral e estimou parcialmente o recurso presentado polo avogado do Estado. Con anterioridade, a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza anulaba a declaración de impacto ambiental polo incumprimento do dereito comunitario, xa que afecta gravemente ás 3 ZEPAs (Zona de Especial Protección para as Aves) existentes no Val de Irati

(Serra de Artxuba e Zariqueta, Montes de Areta).

Existen tamén informes xeolóxicos e hídricos que alertan dos problemas xeolóxicos e xeotécnicos que provocarían o derrube das ladeiras no caso de encher o encoro (ata agora non tiveron resposta por parte das diferentes Administracións públicas), poñendo en perigo ás pobacións tanto augas abajo (Agoitz, Lumbier, Sanguesa, Tudela) como augas arriba (Nagore, Oroz-Betelu).

## UNHA ACCIÓN XUSTA DURAMENTE REPRIMIDA

O 6 de abril de 1995, ás 7:30 h, un grupo de oito persoas do colectivo *Soli-*

*dari@s con Itoiz*, entre os que se encontraba Iñaki García Kong, vestidos con monos co anagrama “Desconstrucciones Itoiz” paralizaron as obras do encoro de Itoiz: cortaron cunhas radiais os 6 cables de aceiro do sistema de formigonado, de 800 m de longo, que cruzaban o vale enteiro para distribuir o formigón nas paredes do dique. Previamente maniataron ao garda xurado da empresa na súa *garita* durante cinco minutos, quitándolle a súa arma e escondéndoa no teito da garita para evitar que ninguén sufrira danos.

Unha vez realizada a acción, liberaron ao garda e esperaron no lugar 5 minutos máis ata as 8:00 hs, que chegou a Garda civil, entregándose sen nengunha resistencia. Foron esposados no chan e mallados repetidamente ao longo dunha hora (na primavera de 1999, os gardas xurados que participaron nesta agresión foron condenados a pagar 6010 euros -1 millón de pesetas- polas lesións ocasionadas pero a indemnización aínda non foi pagada).

En todo momento, os oito *Solidari@s con Itoiz* estiveron acompañad@s por un grupo de xornalistas que gravaron a acción e a posterior detención. @s periodistas tamén foron detidos e presentaron demanda perante o xulgado correspondente por maltratos, insultos e rotura do material gráfico que servía como testemuña do feito. Despois da súa detención, @s *Solidari@s con Itoiz* estiveron máis de oito horas esposados e de xeonllos nun furgón da Garda Civil en compartimentos individuais de 1x 0,5 m, xa que non existían calabozos no cuartel de Agoitz próximo a Itoiz. Ás 17 hs foron sacados do furgón para prestar declaración no xulgado de Aoiz. O xuíz decidiu o ingreso inmediato en prisión preventiva durante dous meses.

Dous días despois da excarcelación d@s detid@s, realizouse a maior manifestación na comarca en apoio aos membros de *Solidari@s con Itoiz*, con máis de 15.000 persoas.

Despois do corte dos cables a zona do encoro de Itoiz converteuse nunha das zonas más militarizadas de Europa co obxectivo de poder controlar as obras (construíron un cuartel a propósito con 70 axentes).

O xuízo contra os 8 membros de *Solidari@s con Itoiz* foi celebrado do 9 ao 11 de marzo de 1998. O goberno de

Navarra, a través dos seus avogados, solicitou 19 anos de cárcere para @s detid@s (sorprende cando o fiscal do estado solicitou só 3 anos de cadea para cada un de eles, a mesma pena que solicitou a empresa constructora de Itoiz). A sentenza foi de 4 anos e 10 meses para cada un d@s encausad@s por detención ilegal (secuestro) e 3 fins de semana de arresto polo corte dos cables. A indemnización polos danos causados ascendía a 10,8 millóns de euros (1.800 millóns de pesetas). Como recalca o colectivo *Solidari@s con Itoiz* nun comunicado de prensa, ós catro policías membros do GAL que secuestraron a Segundo Marey durante 10 días en condicións moi precarias, condonouselles á mesma condena. A retención do garda de seguridade nunca foi o obxectivo da acción, senón que se fixo para posibilitar o corte dos cables.


Hai que dicir que non é a primeira sentenza condenatoria d@s membros de *Solidari@s con Itoiz*: en setembro de 1998, dúas mulleres de *Solidari@s con Itoiz* sabotaron 54 máquinas que participaban nas obras do encoro construíndo o vial de acceso á zona. As dúas mulleres presentáronse ó día seguinte ante a Audiencia Provincial de Navarra para assumir publicamente a acción e paralización da obra, que durou 2 meses. Foron xulgadas o 8 de abril do 2000 baixo a acusación de *delictos de danos* e condenadas a unha pena de responsabilidade de 15 meses de cárcere para cada unha de elas, cunha cuota diaria de 200 ptas e unha responsabilidade persoal de 1 día de privación por cada dous cotas sen

pagar, é dicir, no caso de que non se efectuase o pagamento, poderían entrar na cárcere durante 7 meses e medio, ademais de ter que indemnizar ao goberno de Nafarroa e ás constructoras con 2.476.170 euros (412 millóns de pesetas). No momento de seren xulgadas estas dúas mulleres, o 15 de abril foron presentadas ante o mesmo tribunal 1500 sinaturas de mulleres autoinculpándose con elas.

### A DETENCIÓN DE IÑAKI GARCÍA

@s 8 membros de *Solidari@s con Itoiz* foron postos en liberdade á espera de seren requeridos a entrar en prisión, polo que algúns deles optaron por marchar fóra do Estado español. O 25 de xuño do 2001 Iñaki García Kong circulaba co seu coche cando foi parado pola Garda Civil na localidade leonesa de Valencia de Don Juan por levar en mal estado a matrícula do coche que conducía. Ao non ter ITV pasada, o Garda pediulle a documentación para identificalo, polo que descubriu que peñaba sobre el unha *orde de busca e captura*. Iñaki é detido e levado a dependencias policiais durante dous días ata recibir a *orde de ingreso* no cárcere. Nestas dependencias recibiu todo tipo de presións psicolóxicas por parte da Garda Civil e a Policía Xudicial para coñecer se existían vinculacións entre *Solidari@s con Itoiz* e o Movimento de Liberación Nacional Vasco (MLNV).

Transcorridos esos dous días, a Iñaki aplicouselle o que no argot carcerario se denomina unha *Kunda*. Nun primeiro momento ingresou no cárcere leonés



Alfredo Rueda

de "Vilas Hierros", o día 27 de xuño, nunha celda de illamento de 12 m<sup>2</sup>, aplicándolle o artigo 75.2 do Réxime penitenciario. O 30 de xuño (!!!) sae por primeira vez a un patio de 8x 6m. Ao día seguinte recibe a visita do seu pai e irmán, que veñen dende Donostia, durante 30 minutos. O 4 de xullo comeza a súa *Kunda*: en tres días pasou por 6 cárceres diferentes. Dende un primeiro momento, familiares e amig@s solicitaron o traslado de Iñaki á cadea de Iruña, perto deles.

#### **¡SOLIDARÍZATE CON IÑAKI GARCÍA!**

Iñaki García necesita a solidariedade de tod@s nós para quitar novas forzas na situación de privación de liberdade en que se acha (además, agora está declarado FIES3, polo que o seu illamento dentro da cadea é maior), e tamén temos que extender a presión social que lle permita estar de novo en liberdade. Calquera de nós pode chegar a esta situación como membros do movemento ecoloxista, ou calquera veciñ@ afectad@ polas decenas de proxectos de encoros que existen na Galiza e que libremente exprese de forma pacífica o seu dereito a discrepan e a loitar pola súa terra.

O enderezo para escribir a Iñaki é:

**Iñaki García Koch**  
**Cárcel de Pamplona**  
**C/ San Roque. Apdo 250**  
**31080 Iruña - Pamplona**  
**(Nafarroa)**

Despois de residir unha semana no cárcere de Nanclares de la Oca (Vitoria), é trasladado definitivamente ao cárcere de Iruña (Pamplona), onde se lle declara como FIES3, categoría que aplican aos presos para que se lles illen por completo pola súa perigosidade (!! !!).

*Solidarios con Itoiz* organizou todo un calendario de actividades ata lograr a posta en liberdade inmediata de Iñaki García e denunciar publicamente as condicións en que se atopa: manifestacións e concentracións, a acampada internacional en Itoiz, peches en sedes

de institucións e partidos, encadeamentos nas propias obras, etc.

En todas as accións de Solidarios con Itoiz hai tres puntos claros:

Paralización inmediata e definitiva do encoro de Itoiz.


2) Anulación da condena das 8 persoas que cortaron os cables, un na cadea e @s outr@s sete obrigad@s a viviren exiliad@s.

3) Excarceración inmediata de Iñaki García Koch, que se atopa cumprindo unha condena de 4 anos e 10 meses no cárcere de Iruña.

#### **SENTENCIA CONTRA ENCORO DE SANTALIESTRA (ARAGÓN)**

A 18 de decembro de 2001, a Audiencia Nacional de Aragón deu a coñecer o texto oficial da sentencia pola que se declara ilegal o procedemento administrativo do encoro de Santaliestra no río Ésera (Aragón). A sentencia supón a paralización total de calquera actividade que estea relacionada coa continuación das obras do encoro. A Asociación Cultural para a Defensa do Ésera (ACUDE), que foron os que formularon o recurso, solicitan que se concrete a devandita sentencia. Esta pode levar á paralización definitiva tamén dos encoros de Biscarrués e Yesa. Ao mesmo tempo, o Concello de Santaliestra mantén aberta unha querela criminal contra nove altos cargos do Ministerio do Ambiente, relacionada co proxecto, e a propia fiscalía solicitou a reapertura do caso ao detectar "graves indicios de presuntos delitos na tramitación do proxecto (perigo catastrófico, prevaricación e cohecho)" existentes nas decisións do Ministerio do Ambiente e na Confederación Hidrográfica do Ebro.

*Colabora na recollida selectiva,*



*é cousa de  
tod@s!*

